



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2022/23 |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*) | Socioloxía | Código | 652G03005 | | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | | |
| Coordinación | Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | Correo electrónico | gabriel.vazquez@udc.es | | |
| Profesorado | Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | Correo electrónico | gabriel.vazquez@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como finalidade promover unha comprensión reflexiva e crítica da sociedade da que o educador social forma parte, intentando ampliar a súa visión sobre os distintos contextos e variados ámbitos nos que desempeña o seu labor profesional. Para iso, esta asignatura trata de subliñar a importancia de fomentar a reflexividade e o pensamento crítico, de proporcionar as bases teóricas e conceptuais fundamentais e as ferramentas metodolóxicas coas que facer investigación social e de profundar nas interrelacións existentes na realidade social. Supón un achegamento ao coñecemento científico das sociedades para procurar explicar o mundo no que vivimos. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|--|----------------|----------------|
| Comprender os supostos e fundamentos históricos e sociolóxicos da acción social valorando as súas implicacións. Estudiar ao individuo como produto da realidade social e como actor nela. | A2 A4 A5 A8 A10 A11 A13 A20 | B1 B5 | C4 C6 C8 |
| Identificar e analizar os distintos contextos, institucións e actores sociais que afectan aos procesos de intervención socioeducativa | A1 A3 A5 A8 A11 A20 | B3 B5 B6 | C4 |
| Entender os paradigmas sociolóxicos como mapas de comprensión da realidade social. | A2 A8 | B1 | |
| Comprender e analizar o concepto de cultura, a súa complexidade e a súa pluralidade e ver a súa concreción no proceso de socialización. | A4 A8 A10 A11 A20 | B1 B5 B6 | C1 C4 |



| | | | |
|---|-----------------------------|----------------|----------------|
| Observar, analizar, interpretar, facilitar e favorecer a diversidade humana de todo tipo, incidindo en cuestións como a diversidade cultural, a diversidade funcional ou o xénero. | A11 A20 | B1 B4 B5 | C4 |
| Observar e analizar os distintos factores e procesos de creación de vulnerabilidade, de exclusión, de desigualdade e de discriminación social que dificultan a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos. | A1 A4 A5 A8 A20 | B1 B4 | C4 |
| Xestión e procura de solucións a problemas que se atopen na investigación social. | A13 A20 | B1 | C4 C6 C7 |
| Desenvolvemento de habilidades interpersonales, en especial, a capacidade de traballar en equipo, que fomentará a coordinación e diálogo entre compañeiros. | A13 | B5 B6 | C1 C4 |
| Desenvolvemento de habilidades lingüísticas, a comunicación e a expresión oral. | A13 A20 | B6 | C1 C7 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1.- PENSANDO SOCIOLÓXICAMENTE | 1.1.- O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudo 1.2.- O xurdimento da socioloxía como ciencia 1.3.- As orixes da teoría sociolóxica: Comte e Saint-Simon |
| TEMA 2.- PARADIGMAS TEÓRICOS E CONTEMPORÁNEOS DA SOCIOLOXÍA E A SÚA OPERATIVIDADE NA SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN | 2.1.- O paradigma funcionalista representado por Émile Durkheim 2.2.- A teoría do conflito e o pensamento de Karl Marx 2.3.- A acción social e a educación en Max Weber 2.4.- Reproducción y cambio sociales |
| TEMA 3.- FERRAMENTAS METODOLÓXICAS NO ESTUDO DA SOCIOLOXÍA. O COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL | 3.1.- As etapas da investigación social e a metodoloxía cuantitativa e cualitativa nas Ciencias Sociais 3.2.- As fontes secundarias de información estatística e a enquisa. 3.3.- A observación participante 3.4.- A entrevista en profundidade 3.5.- O grupo de discusión |
| TEMA 4.- CULTURA E SOCIALIZACIÓN | 4.1.- Cultura, sociedade e personalidade 4.2.- O proceso de socialización 4.3.- Os axentes de socialización 4.4.- A educación e o sistema educativo formal |
| TEMA 5.- DESIGUALDADE, ESTRATIFICACIÓN E REPRODUCCIÓN SOCIAL | 5.1.- O concepto de estrutura e estratificación social 5.2.- Tipos de sociedades. Sistemas de estratificación social 5.3.- Desigualdade social, pobreza e exclusión 5.4.- O xénero como variábel de desigualdade. A construción social do sexo |
| TEMA 6.- A GLOBALIZACIÓN. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL | 6.1.- A globalización 6.2.- A inmigración e os modelos de integración social 6.3.- Diversidade cultural 6.4.- Eusocialidade |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| | | | | |



| | | | | |
|-------------------------------|---|----|----|----|
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8 | 20 | 20 | 40 |
| Lecturas | A2 A4 B1 B6 C1 C7 | 1 | 11 | 12 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 10 | 30 | 40 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A10 A11 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 | 5 | 20 | 25 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A5 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B5 B6 C1 C6 C8 | 5 | 20 | 25 |
| Presentación oral | B1 B6 C1 C7 | 1 | 6 | 7 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | <p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor/a. A clase expositiva irá complementada con aulas interactivas con actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes. Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados. A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado.</p> <p>A parte expositiva é unha fonte máis de información, quizáis a principal para o alumnado, polo que debe ter a súa incidencia na formación e aprendizaxe. De aí tamén que compute na avaliación, a traveso do seguimento e interese por parte do alumnado.</p> |
| Lecturas | <p>Haberá lecturas obrigatorias e que deberán integrarse nos traballos de carácter práctico. Polo cal tamén puntúan e contan na avaliación da materia.</p> <p>Nalgúns temas do programa o profesor/a poderá proporcionar unha serie de lecturas complementarias e de apoio aos aspectos teóricos desenvolvidos nas sesións maxistrais.</p> <p>Tamén, as lecturas tratan de evitar a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas poderánse empregar, a discreción do profesor/a, así como outras fontes de información (documentais, películas, etc.) para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Hai dous tipos de traballos tutelados: as prácticas plantexadas en clase sobre o exposto (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión sobre unha cuestión sociolóxica (e a súa exposición oral). Este traballo é para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Debe estar relacionado preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica. Tamén debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>As instrucións máis polo miúdo serán proporcionadas polo profesor/a durante o curso.</p> |
| Discusión dirixida | <p>Tralas sesións expositivas ou maxistrais, haberá debates sobre o exposto. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.</p> <p>Estos debates tamén son fonte de información.</p> <p>Asemesmo, a participación e o interese nos mesmos terase en conta de cara a avaliación da materia.</p> |



| | |
|-------------------------------|--|
| Análise de fontes documentais | Ademais das lecturas obrigatorias e as recomendadas, para os traballos prácticos e final haberá que consultar outras fontes de información e documentais, para formar así a base máis científica dos mesmos. |
| Presentación oral | O traballo final sobre un tema sociolóxico será exposto en clase a final de curso. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lecturas Traballos tutelados Sesión maxistral Análise de fontes documentais Presentación oral Discusión dirixida | A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa presenza dos profesores/as na aula durante as sesións en grupos reducidos; ademais, poderedes programar as tutorías presenciales que consideredes necesarias para preparar os traballos. Tamén se aconsella concertar as titorías a través do correo electrónico. Aqueles alumnos/as que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto co profesor/a ao comezo do curso. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|---|--|---------------|
| Lecturas | A2 A4 B1 B6 C1 C7 | As lecturas obrigatorias e recomendadas deberán ter reflexo nos contidos dos traballos | 15 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A8 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o traballo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica. En todos estes traballos valorarase: -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso). | 40 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8 | Valorarase a asistencia, interese mostrado e a participación; así como a repercusión dos contidos expostos nos traballos a realizar ao longo do curso. | 20 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A5 A10 A11 A13 A20 B1 B3 B5 B6 C1 C6 C8 | Nos traballos a realizar, terase en conta a consulta, uso, recurso e reflexo das fontes de información consultadas. | 10 |
| Presentación oral | B1 B6 C1 C7 | Na presentación oral do traballo final valorarase: -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -A calidade do traballo | 5 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A8 A10 A11 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 | Os debates sobre os temas da materia pretenden ser enriquecedores e iso depende en gran medida das contribucións por parte do alumnado, as cales son tidas en conta para a avaliación. | 10 |

Observacións avaliación



Avaliación continua. A parte práctica que se realizará ao longo do cuatrimestre terá un contido variado e suporá o 70% da cualificación: o conxunto de prácticas e actividades de clase, o traballo final, a exposición, a asistencia e a participación. Ademais, o aproveitamento das clases maxistras, as lecturas e consultas de fontes documentais, que se vexan reflexadas nos debates e traballos, terán unha repercusión na nota final de ata un 30%. Desta forma valórase todo o traballo realizado ao longo do curso. Para aprobar a materia, haberá que facer e entregar un mínimo do 75% dos traballos prácticos, así como acreditar a metade das lecturas obrigatorias. Avaliación non continua. O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto co profesor ao comezo do curso e terán que concretar as metodoloxías de avaliación. Segunda oportunidade. A aqueles/as que suspendan na primeira convocatoria terán que presentarse a un exame nas datas oficiais marcadas pola UDC (en segunda oportunidade).

Fontes de información

Bibliografía básica

- DURKHEIM, E. (2000). Educación y sociología. Barcelona: Península
- GIDDENS, A. (2014). Sociología. Madrid: Alianza Editorial
- LIGHT, D.; KELLER, S.; CALHOUN, C. (1991). Sociología. Bogotá: McGraw-Hill
- GONZÁLEZ-ANLEO, J. (1994). Para comprender la Sociología. Estella (Navarra): Verbo Divino
- MACIONIS, J.J. Y K. PLUMMER (2011). Sociología. Madrid: Pearson
- FERNÁNDEZ, F. (2003). Sociología de la Educación. Madrid: Pearson
- GINER, S. (2011). Teoría sociológica clásica. Barcelona: Ariel
- KERBO, H. (2003). Estratificación social y desigualdad: el conflicto de clases en perspectiva histórica, comparada y global. Madrid: McGrawHill
- REQUENA, M. ET AL. (2013). Estratificación social. Madrid: McGraw-Hill
- ALGUACIL, J. (2011). Cómo se hace un trabajo de investigación en sociología. Madrid: Los Libros de la Catarata
- GARCÍA FERRANDO, M. ET AL. (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza
- RODRÍGUEZ CAAMAÑO, M.J. (Coord.) (2001). Temas de sociología. Madrid: Huerga y Fierro
- WEBER, M. (2011). La ética protestante y el espíritu del capitalismo. Madrid: Alianza Editorial
- LAMO DE ESPINOSA, E. (1990). La sociedad reflexiva: sujeto y objeto del conocimiento sociológico. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas
- FERNÁNDEZ PALOMARES, F. (Coord.) (2003). Sociología de la educación. Madrid: Prentice-Hall
- MILLS, C. W. (2003). La imaginación sociológica. México: Fondo de Cultura Económica
- RODRÍGUEZ IBÁÑEZ, J.E. (1989). La perspectiva sociológica: historia, teoría y método. Madrid: Taurus
- PICÓ, J. Y SANCHÍS, E. (2003). Sociología y sociedad. Madrid: Tecnos

Bibliografía complementaria

- GARCÍA FERRANDO, M. (coord.) (1999). Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de Sociología. Valencia, Tirant lo Blanch, 4ª edición.
- ALONSO, L.E (1998). La mirada cualitativa en sociología. Fundamentos, Madrid.
- BAUMAN, Z. y MAY, T. (2007). Pensando sociológicamente. Buenos Aires, Nueva Visión.
- ALONSO, L.E. et al. (2004). Pierre Bourdieu, las herramientas del sociólogo. Madrid, Fundamentos
- FEITO, G. (1995). Estructura Social Contemporánea. Las clases sociales en los países industrializados. Madrid, Siglo XXI.
- FERNÁNDEZ, M. (1996). Inmigración y Etnicidad. Madrid, Centro de Investigación y Documentación Educativa.
- GINER, S. (1988). Historia del pensamiento social. Barcelona, Ariel
- RITZER, G. (2001). Teoría sociológica clásica. Madrid, McGraw-Hill, 3ª edición.
- RITZER, G (2002). Teoría sociológica moderna,. Madrid, McGraw-Hill, 5ª edición.
- SUBIRATS, M. y TOMÉ, A. (2007). Balones Fuera: reconstruir los espacios de la coeducación. Barcelona, Octaedro.
- VV.AA. (2008). Metodología de las Ciencias Sociales. Madrid, Editorial Tecnos
- GONZÁLEZ SEARA, L. (1976). La Sociología, aventura dialéctica. Madrid: Tecnos

Recomendacións



| |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
|--|

| |
|--|
| Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo/652G03036 |
|--|

| |
|---|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|---|

| |
|--------------------------------|
| Educación permanente/652G03008 |
|--------------------------------|

| |
|---|
| Materias que continúan o temario |
|---|

| |
|---------------------------------|
| Historia da educación/652G03011 |
|---------------------------------|

| |
|---------------------|
| Observacións |
|---------------------|

| |
|--|
| Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado |
|--|

| |
|--|
| (*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías |
|--|